# REUNIÓN DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Día: 06.03.2026        Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 25/02/2026 15:06:58
Nº Rexistro: 12911
Data envio: 25/02/2026 15:06:58.308

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 6 de marzo de 2026, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Comparecencia**

1. 50830 (12/CPC-000161)
Da directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, por petición propia, para dar conta das medidas postas en marcha polo Igape no primeiro trimestre de 2026 co fin de apoiar o tecido industrial e empresarial de Galicia
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 337f1, do 20.02.2026*

**Punto 2. Preguntas**

2.1 43767 (12/POC-006802)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 2 máis
Sobre a caída no mes de agosto de 2025 do índice xeral de produción industrial en Galicia, as medidas previstas para reverter esta situación e o grao de execución dos fondos europeos e dos programas autonómicos para a modernización e a reindustrialización
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 313f2, do 14.01.2026*

2.2 46443 (12/POC-007418)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis
Sobre a capacidade actual de almacenamento enerxético en Galicia e a postura do Goberno galego en relación co impulso dun centro para a competitividade e a I+D+i en almacenamento enerxético
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 324f1, do 30.01.2026*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2026

Asinado o día 25/02/2026 ás 14:08
Por Cristina Sanz Arias

Cristina Sanz Arias
Presidenta da Comisión

CSV: REXPG-D5rRY02y3-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 25/02/2026 15:06:58
Nº Rexistro: 12911
Data envio: 25/02/2026 15:06:58.308

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Sanz Arias na data 25/02/2026 14:08:59**

CSV: REXPG-D5rRY02y3-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 25/02/2026 15:06:58
Nº Rexistro: 12911
Data envio: 25/02/2026 15:06:58.308

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/02/2026 15:06:59

CSV: REXPG-D5rRY02y3-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

RELACIÓN DE MEMBROS DE

# COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

**Mesa**

| | |
|---|---|
| Presidenta | |
| Cristina Sanz Arias | P |
| Vicepresidente | |
| Miguel Fidalgo Iglesias | P |
| Secretario | |
| Ramón Tomás Fernández Alfonzo | BNG |

**Vogais**

| | |
|---|---|
| María Encarnación Amigo Díaz | P |
| Saleta Chao Rivas | BNG |
| José Manuel Golpe Acuña | BNG |
| Carmela González Iglesias | BNG |
| Patricia Iglesias Rey | S |
| Rubén Lorenzo Gómez | P |
| Lara Méndez López | S |
| Armando Ojea Bouzo | M |
| María Felisa Rodríguez Carrera | P |
| Ángel Rodríguez Conde | P |
| Moisés Rodríguez Pérez | P |
| Brais Ruanova Vilas-Boas | BNG |
| Borja Verea Fraiz | P |
| Miguel Ángel Viso Diéguez | P |

**Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Día: 06.03.2026 Hora: 10:30**

**Orde do día**

1. Comparecencia

**Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**
**Día: 06.03.2026 Hora: 10:30**
**Orde do día**

1.1 50830(12/CPC-000161)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, por petición propia, para dar conta das medidas postas en marcha polo Igape no primeiro trimestre de 2026 co fin de apoiar o tecido industrial e empresarial de Galicia

*Publicación da iniciativa, 337f1, 20.02.2026*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 12:56:10
Nº Rexistro: 50830
Data envío: 16/02/2026 12:56:10.363
Data 16/02/2026 12:56

**Asunto**: Solicitude de comparecencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo -da directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) para **dar conta das medidas postas en marcha polo Igape no primeiro trimestre de 2026 co fin de apoiar ao tecido industrial e empresarial de Galicia**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

**Sr/Sra. Presidente/a da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: REXPG-DFBIGZ9TB-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/02/2026 12:56:02

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 12:56:10
Nº Rexistro: 50830
Data envio: 16/02/2026 12:56:10.363

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/02/2026 12:56:09

CSV: REXPG-DFBIGZ9TB-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Día: 06.03.2026        Hora: 10:30**

**Orde do día**

2. Preguntas

**Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**
**Día: 06.03.2026 Hora: 10:30**
**Orde do día**

2.1 43767(12/POC-006802)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a caída no mes de agosto de 2025 do índice xeral de produción industrial en Galicia, as medidas previstas para reverter esta situación e o grao de execución dos fondos europeos e dos programas autonómicos para a modernización e a reindustrialización

*Publicación da iniciativa, 313f2, 14.01.2026*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:13:08
Nº Rexistro: 43767
Data envío: 02/01/2026 10:13:08.118

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 02/01/2026 ás 09:47
Por Lara Méndez López

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana** e **Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O Instituto Nacional de Estatística (INE) vén de publicar os datos correspondentes ao mes de agosto de 2025 do Índice Xeral de Produción Industrial (IPI). Segundo esta información oficial, Galicia rexistrou unha caída interanual do 3,4 %, e unha diminución mensual do 25,7 % respecto a xullo. Pola contra, no conxunto do Estado, o IPI medrou un 0,4 % interanual, encadeando tres meses consecutivos de crecemento.

Asinado o día 02/01/2026 ás 09:46
Por Elena Espinosa Mangana

Esta evolución negativa confirma a falta de dinamismo do sector industrial galego, que continúa por baixo da media estatal e evidencia a ausencia dunha estratexia industrial efectiva por parte da Xunta de Galicia. Sectores como o téxtil, a automoción auxiliar e a industria do mar sofren unha perda de competitividade que ameaza o emprego e o crecemento económico, nun contexto no que outras comunidades autónomas si están a aproveitar os fondos europeos e as políticas industriais do Goberno de España.

Por todo iso, resulta necesario que o Goberno galego explique as causas desta caída, detalle as medidas que prevé adoptar e dea conta da execución dos fondos europeos destinados á reindustrialización e modernización produtiva.

Asinado o día 02/01/2026 ás 09:46
Por Patricia Iglesias Rey

CSV: REXPG-jOIIYH8R2-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Cal considera o Goberno galego que son as principais causas da caída do Índice Xeral de Produción Industrial en Galicia no mes de agosto de 2025?
2. Que medidas urxentes prevé adoptar a Xunta de Galicia para reverter esta tendencia e impulsar a actividade industrial na nosa comunidade?
3. Cal é o grao de execución dos fondos europeos e programas autonómicos destinados á modernización e reindustrialización de Galicia?

Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro do 2026

CSV: REXPG-jOIIYH8R2-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:13:08
Nº Rexistro: 43767
Data envío: 02/01/2026 10:13:08.118

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 02/01/2026 9:46:48**
**Elena Espinosa Mangana na data 02/01/2026 9:46:54**
**Lara Méndez López na data 02/01/2026 9:47:01**

CSV: REXPG-jOIIYH8R2-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:13:08
Nº Rexistro: 43767
Data envio: 02/01/2026 10:13:08.118

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 10:13:08**

**CSV:** REXPG-jOIlYH8R2-4
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Día: 06.03.2026 Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.2 46443(12/POC-007418)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre a capacidade actual de almacenamento enerxético en Galicia e a postura do Goberno galego en relación co impulso dun centro para a competitividade e a I+D+i en almacenamento enerxético

*Publicación da iniciativa, 324f1, 30.01.2026*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 11:03:49
Nº Rexistro: 46443
Data envío: 19/01/2026 11:03:49.202

Asinado o día 19/01/2
11:02
Por Ramón Fernánde

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Xosé Manuel Golpe Acuña**, **Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Ramón Fernández Alfonzo**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa ao centro para Competitividade e a I+D+I en Almacenamento Enerxético da Galiza.

Asinado o día 19/01/2026 ás
11:02
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia precisa dar un salto cualitativo no ámbito do almacenamento enerxético se quere acadar un sistema 100% renovábel sen dependencia estrutural do gas fósil. A día de hoxe a capacidade de bombeo ronda os 1.500 MW, claramente insuficiente fronte a unha potencia instalada renovábel que supera amplamente a demanda interna, o que provoca vertidos de enerxía e exportación forzada en períodos de baixa demanda e alta xeración renovábel.

Estremadura deu xa un paso estratéxico coa creación do "Centro Ibérico de Investigación en Almacenamento Enerxético (CIIAE)" en Cáceres, concibido como infraestrutura científica de referencia para todo o ciclo do almacenamento, desde os materiais até a validación a escala de rede. O CIIAE nace dun convenio entre a Administración Xeral do Estado, o CIEMAT e a Xunta de Estremadura, e está financiado con arredor de 75 millóns de euros, dos que 53 millóns proceden do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE, completados con achegas da Junta de Extremadura, do CIEMAT e de FUNDECYT-PCTEX.

Asinado o día 19/01/2026 ás
11:02
Por José Manuel Golpe Acuña

Segundo a documentación institucional do propio CIIAE, o centro contará con "laboratorios de última xeración" que cobren todo o ciclo do almacenamento:

CSV: REXPG-bqkaRlPV-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 11:03:49
Nº Rexistro: 46443
Data envío: 19/01/2026 11:03:49.202

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

desenvolvemento e caracterización de materiais para baterías (Li, Na, baterías de fluxo, supercondensadores, metal-aire), almacenamento térmico, produción e almacenamento de hidróxeno verde, síntese de combustíbeis sintéticos a partir de hidróxeno e $CO_2$, así como infraestruturas singulares para o ensaio de sistemas de almacenamento conectados á rede e de microrredes a escala pre-industrial.

O obxectivo declarado polo Ministerio de Ciencia e o Goberno de Estremadura é que o CIIAE sexa un centro de referencia global en almacenamento, combinando investigación básica, desenvolvemento tecnolóxico e innovación empresarial, e actuando como polo de atracción de tecido industrial en torno á cadea de valor da transición enerxética (fabricación de compoñentes, reciclaxe, economía circular, servizos avanzados).

Este modelo demostra que un centro público especializado pode mobilizar de maneira estábel recursos de I+D+i, captar fondos europeos e crear emprego cualificado de alta intensidade en coñecemento. Galicia, que combina alta penetración renovábel, grande densidade de centros de produción eléctrica, con diversidade de fontes de xeración e territorios de transición como Meirama ou As Pontes, está nunha posición privilexiada para impulsar un "Centro Galego de Investigación en Almacenamento Enerxético" orientado especialmente a desenrolar tecnoloxía de integración de grandes volumes de eólica e solar na rede, hidróxeno verde para usos industriais e de transporte, e sistemas avanzados de baterías, almacenamento por gravidade en todas as súas formas e xestión intelixente da rede.

Do mesmo xeito que o CIIAE se concibe como infraestrutura de país para Estremadura, un centro galego permitiría reter e crear cadea de valor propia, reducir vertidos de enerxía renovábel, optimizar o uso da rede eléctrica e xerar coñecemento aplicado a proxectos públicos como os da futura Empresa Pública Galega de Enerxa (EPGE), ao tempo que facilitaría a participación de Galicia en convocatorias europeas



CSV: REXPG-bqkaRIPIV-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 11:03:49
Nº Rexistro: 46443
Data envío: 19/01/2026 11:03:49.202

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

(PERTE, MRR, Horizonte Europa, FEDER) especificamente orientadas a almacenamento, hidróxeno e redes intelixentes.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

1. Que capacidade de almacenamento enerxético ten Galiza neste momento?

2. Con que tecnoloxías de almacenamento conta o país?

3. Considera a Xunta que os obxectivos do PNIEC, en materia de almacenamento son acadables na escala galega?

4. Que proxectos de almacenamento enerxético están previstos na Galiza?

5. Considera a Xunta que os bombeos hidráulicos son a única solución ao almacenamento?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: REXPG-bqkaRIPfV-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 11:03:49
Nº Rexistro: 46443
Data envio: 19/01/2026 11:03:49.202

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Golpe Acuña na data 19/01/2026 11:02:07**
**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 19/01/2026 11:02:14**
**Ramón Fernández Alfonzo na data 19/01/2026 11:02:20**

**CSV:** REXPG-bqkaRIPfV-6
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 11:03:49
Nº Rexistro: 46443
Data envio: 19/01/2026 11:03:49.202

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 11:03:50**

CSV: REXPG-bqkaRIPfV-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/